

TEMA 11. A GUERRA FRÍA E A POLÍTICA DE BLOQUES

O telón de aceiro

De Stettin, no Báltico, a Trieste, no Adriático, ergueuse un “**telón de aceiro**” a través do continente. Detrás desta liña están todas as capitais dos antigos Estados de Europa Central e Oriental, Varsovia, Berlín, Praga, Viena, Budapest, Belgrado, Bucarest e Sofía, todas estas cidades famosas e as súas poboacións permanecen no que debo chamar área de influencia soviética e todas están suxeitas, dunha ou doutra forma, non só á influencia soviética, senón a unhas elevadas e, en moitos casos, crecentes medidas de control desde Moscova. Unicamente Atenas –Grecia coas súas glorias inmortais- é libre de decidir o seu futuro nunhas eleccións baixo a supervisión británica, americana e francesa. Os Partidos Comunistas, que eran moi pequenos nestes países da Europa Oriental, foron elevados ao poder e están prentendendo obter o control absoluto. En case todos os casos están dominando os gobernos-policía e non existe verdadeira democracia.

W.CHURCHILL, *Discurso na Universidade de Fulton*, Missouri, 5-III-1946

A doutrina Truman

Un dos obxectivos fundamentais da política exterior dos EE.UU. é a creación de condicións nas que nós e outras nacións poidamos forxar unha maneira de vivir libres de coacción. Sen embargo, non alcanzaremos os nosos obxectivos se non estamos dispostos a axudar aos pobos libres a manter as súas institucións libres e a súa integridade nacional fronte aos movementos agresivos que tentan de imporlles réximes totalitarios. Creo que a nosa axuda debería efectuarse primordialmente mediante a asistencia económica e financeira que é esencial para a estabilidade económica e o desenvolvemento de procedementos políticos disciplinados.

Os pobos libres do mundo miran cara a nós en busca de axuda para conservar a súa liberdade. Se dubidamos na nosa misión de condución podemos poñer en perigo a paz do mundo e, sen lugar a dúbidas, arriscaremos o benestar da nosa propia nación.

H.S. TRUMAN, *Discurso no Congreso de EE.UU.*, 12-III-1947

Resposta occidental á ameaza soviética

A ameaza á cal nos enfrontamos non é das que se disipan facilmente. É unha ameaza que pode durar moito tempo. A nosa política debe telo en conta. Os territorios dos que emana esta ameaza son extensos. O grupo de nacións sometidas á dominación soviética constitúe un vasto e denso territorio cunha poboación que acada os 800 millóns de habitantes. A súa posición estratéxica brinda ao bloque soviético a posibilidade de utilizar con fins ofensivos as vías do Norte do Ártico, o cal pon ás nosas rexións industriais ao alcance dun ataque repentino.

A ameaza que mencionamos non é só de índole militar. A Internacional Comunista pon á disposición dos dirixentes soviéticos unha rede política que se estende polo mundo enteiro. Esta rede comprende un número considerable de axitadores expertos e posúe unha poderosa organización de propaganda. Foi concebida para explotar o descontento en todas as súas facetas, ben sexa o que se opón ao colonialismo, ben o que provocan as precarias situacións económicas.

Non é doado poñer a punto unha política que poida facer fronte a un perigo tan centralizado, tan vasto, tan variado e tan persistente. Puxemos a nosa esperanza na combinación de dous principios: a creación dun poder que sería obra de todos os membros da nosa comunidade e a utilización deste poder para disuadir de calquera tipo de agresión, facéndoa o máis dificultosa posible para un eventual agresor. Para as nacións libres, a pedra angular da súa seguridade debe ser un novo sistema de defensa. A OTAN constitúe a mellor demostración desta idea.

F.DULLES, Secretario de Estado de EE.UU., *Discurso*, Abril 1954

O Plan Marshall

A preparación febril da guerra absorbeu todos os aspectos das economías nacionais. O mecanismo agarrotouse ou está por completo fóra de uso. Os tradicionais lazos comerciais, as institucións privadas, os bancos, as compañías de seguros e marítimas desapareceron, por falta de capitais, absorbidos como consecuencia de nacionalizacións ou por simple desaparición.

Para atoparlle remedio á situación hai que romper o círculo vicioso e restaurar a confianza dos pobos europeos no futuro económico do seu propio país e de Europa en xeral. É lóxico que os EE.UU. fagan todo o que lles sexa posible para favorecer a volta do mundo a unha saúde económica normal, sen a cal non pode haber estabilidade política nin paz asegurada. A nosa política non está dirixida contra ningún país nin doutrina, senón contra a fame, a pobreza, a desesperación e o caos. O seu fin deberá ser o restablecemento dunha economía mundial sá, de maneira que permita volver ás condicións políticas e sociais nas que poidan existir institucións libres. Todo goberno que consinta colaborar connosco na tarefa de reconstrución achará, estou seguro, unha cooperación completa por parte do goberno americano.

G.MARSHALL, *Discurso na Universidade de Harvard*, 5-VII-1947

Fundación da OTAN

Determinados a salvagardar a liberdade dos pobos, a súa herdanza común e a súa civilización baseadas nos principios de democracia, liberdades individuais e imperio do dereito. Desexando favorecer na rexión do Atlántico Norte o benestar e a estabilidade. Resoltos a unir os seus esforzos na defensa e na conservación da paz e da seguridade.

Acordan a conclusión do seguinte Pacto do Atlántico Norte:

- Art. 1.- As partes comprométense a se abster nas súas relacións internacionais do recurso á ameaza ou do emprego da forza de calquera xeito que resulte incompatible coas finalidades da ONU.
- Art. 5.- As partes conveñen en que un ataque armado contra unha ou varias delas acaecido en Europa ou en América do Norte, será considerado como un ataque dirixido contra todas as partes, e, en consecuencia, acordan que, se tal ataque se produce, cada unha delas, en exercicio do dereito de lexítima defensa, individual e colectiva, recoñecido polo artigo 51 da Carta da ONU, asistirá á parte ou ás partes atacadas, para adoptar a continuación a acción que xulgue necesaria, mesmo o emprego da forza armada para establecer e manter a seguridade na rexión do Atlántico Norte.

Tratado do Atlántico Norte, Washington, 4-IV-1949

Doutrina Jdanov

As potencias que actúan no teatro mundial agrupáronse en dous campos distintos: o campo imperialista e antidemocrático dun lado, o antiimperialista e democrático doutro.

Os EE.UU. son a forza dirixente no campo imperialista. A súa finalidade principal consiste no fortalecemento do Imperialismo, a preparación dunha nova guerra imperialista, a loita contra o Socialismo e a Democracia, así como o apoio a todos os reximes e movementos reaccionarios, antidemocráticos e profascistas.

O outro campo está integrado polas forzas antiimperialistas e democráticas. A súa forza reside na URSS e nas novas democracias.

O campo antiimperialista apoia-se no Movemento Obreiro e nos movementos democráticos de todos os países, nos PC irmáns, nos loitadores dos movementos de liberación dos países coloniais e dependentes, así como na axuda das forzas democráticas e progresistas de todos os países.

A. JDANOV, *Discurso na sesión inaugural do Kominform*, Polonia, 22-IX-1947

Creación do COMECON

Art. 3.- O Consello de Axuda Mutua Económica:

- Organiza a cooperación económica e científico-técnica multilateral dos países membros do Consello, no sentido de aproveitar do xeito máis racional os seus recursos naturais e acelerar o desenvolvemento das forzas produtivas.
- Contribúe ao perfeccionamento da división socialista do traballo, mediante a coordinación dos plans de desenvolvemento da economía nacional, especialización e cooperación na produción dos países membros do Consello.
- Adopta medidas para o estudo de medidas económicas e científico-técnicas que son de interese para os países membros do Consello.

Estatutos do CAME, Sofía, 14-XII-1959 (fundado o 25-I-1949)

Fundación do Pacto de Varsovia

Art. 4.- En caso de agresión armada en Europa contra un ou varios Estados signatarios do Tratado, cada Estado, en exercicio do seu dereito á autodefensa individual ou colectiva, de acordo co art. 51 da Carta da ONU, acordará unha axuda inmediata ao Estado ou Estados vítimas de tal agresión por todos os medios que considere necesarios, incluído o emprego da forza armada.

Os Estados asinantes do Tratado consultaránse inmediatamente en canto ás medidas colectivas que deben adoptarse co fin de restablecer e manter a paz e a seguridade internacionais.

As medidas adoptadas sobre a base do presente artigo serán comunicadas ao Consello de Seguridade da ONU. As medidas cesarán cando o Consello de Seguridade adopte as medidas necesarias para o restablecemento e mantemento da paz e da seguridade internacionais.

Art. 5.- As partes contratantes están de acordo en crear un mando unificado.

Estatutos do Pacto de Varsovia, 14-V-1955

Intervención da ONU en Corea

Tampouco nesta ocasión chegaron Malik e o seu veto. O Consello instou aos seus membros a que prestaran á República de Corea a axuda que fora precisa para repeler o ataque. A batalla estaba xeneralizada. O Consello de Seguridade declara a guerra.

Cada delegación enviou inmediatamente un informe perentorio ao seu Goberno e choveron os ofrecementos de axuda. O Reino Unido enviaría a flota que tiña en augas xaponesas, Bélxica prestaría toda a axuda que fose posible e o mesmo farían Holanda, Brasil e outros países. A lista era cada vez máis longa. Era función do Secretario Xeral coordinar toda esta axuda ofrecida.

C.MEIGS, *Las Naciones Unidas. Personajes y acontecimientos*, 1964.

O conflito de Suez

A pobreza non é unha vergoña, pero si é a explotación dos pobos. Debemos recuperar os nosos dereitos, pois todos eses fondos son nosos e esta canle é propiedade de Exipto e foi construída por 120.000 exipcios. A Sociedade da Canle de Suez en París non é máis que a tapadeira dunha pura explotación. Nós construiremos unha alta presa e obteremos todos os dereitos perdidos. Nós manteremos as nosas aspiracións e os nosos desexos. Os 35 millóns de libras que a Compañía recibe, tomámoslos nós polo interese de Exipto.

Eu dígovos hoxe, meus queridos concidadáns, que ao construírmos un dique alto, construímos unha fortaleza de honor e de gloria e derrubaremos a humillación. Declaramos que Exipto enteiro é unha única fronte, unida, e un bloque nacional inseparable. Exipto enteiro loitará ata a derradeira gota do seu sangue pola construción do país. Non daremos ocasión aos países ocupantes para que poidan levar a cabo os seus plans e esta é a razón pola que hoxe asino o acordo do Goberno sobre a nacionalización da Compañía da Canle.

G.A.NASSER, *Discurso*, 26-VII-1956

Eu tamén son berlinés!

Hai moita xente no mundo que non comprende ou pretende non comprender, cal é a gran diferenza entre o mundo libre e o mundo comunista. Que veñan a Berlín!

Hai quen di que o comunismo é o camiño do futuro. Que veñan a Berlín!

Hai quen di que en Europa e fóra podemos traballar cos comunistas. Que veñan a Berlín!

Hai mesmo algún que recoñece que o comunismo é malo, pero que permite realizar progresos económicos. Que veñan a Berlín!

Todos os homes libres, onde queira que vivan, son cidadáns de Berlín. É por iso polo que, como home libre, teño o orgullo de dicir: **Son un berlinés!**

J.F.KENNEDY, *Discurso*, xuño 1963

A crise dos mísiles de Cuba

Na última semana establecéronse [en Cuba] unha serie de bases de lanzamento de mísiles ofensivos. Cada un destes mísiles pode chegar a Washington, cabo Cañaveral, México e outras cidades situadas no SE dos EE.UU., en América Central e na rexión das Antillas. Esta transformación precipitada de Cuba nunha importante base

estratéxica constitúe unha ameaza á paz e á seguridade de América. Dei as ordes para que se tomen as medidas seguintes:

Iniciar un rigoroso bloqueio de todo o equipo militar que se dirixa cara a Cuba. Considerar calquera mísil nuclear lanzado desde Cuba contra calquera nación do hemisferio occidental como un ataque da URSS contra os EE.UU., que esixirá unha plena represalia contra a URSS.

Fago un chamamento ao presidente Krushev para que deteña e elimine esta clandestina, temeraria e provocadora ameaza contra a paz mundial e contra as relacións entre as nosas dúas nacións.

J.F.KENNEDY, *Discurso*, Washington, 22-X-1962

Fin da crise dos mísiles

Indicamos aos nosos funcionarios tomar as medidas axeitadas para interromper a construción dos obxectivos indicados, desmontalos e devolvelos á URSS. Estamos dispostos para que representantes da ONU permanezan en Cuba a fin de poder constatar a realidade do desmantelamento dos medios que chamades ofensivos. Existen todas as condicións indispensables para que o conflito que se creou sexa liquidado.

Carta de Krushev a Kennedy, 30-X-1962

A desestalinización

Será preciso volver a poñer en vigor, dunha maneira total, os principios leninistas sobre a democracia socialista, tal e como son expresados na Constitución Soviética, e loitar contra a arbitrariedade dos individuos que tenden a abusar do seu poder. Deberá repararse todo o mal causado desde hai moito tempo por actos que non respectaban a legalidade socialista revolucionaria, debidos á influencia negativa do culto ao individuo.

N.KRUSCHEV, *Informe secreto ao XX Congreso do PCUS*, 1956.

A Nova Fronteira de Kennedy

A aqueles pobos que loitan por esnaquizar as cadeas da miseria colectiva prometémoslle os nosos mellores esforzos para axudalos a que se axuden a si mesmos durante todo o tempo que sexa necesario, non porque os comunistas o estean facendo, non porque busquemos os seus votos, senón porque é xusto.

Ás nosas repúblicas irmás do Sur das nosas fronteiras prometémoslles especialmente converter as nosas boas palabras en boas obras, nunha alianza para o progreso e en axudar aos homes e aos gobernos libres a esnaquizar as cadeas da pobreza.

Finalmente, a aquelas nacións que se convertan elas mesmas en inimigas nosas ofrecémoslles non unha promesa, senón unha petición: que ámbalas dúas partes comecen de novo a procura da paz, antes de que as negras forzas da destrución, liberadas pola ciencia humana, fundan a toda a humanidade nunha destrución premeditada ou accidental. Non cheguemos nunca a un acordo por temor, pero tampouco sintamos xamáis o temor de chegar a un acordo.

J.F.KENNEDY, *Discurso de toma de posesión da presidencia de EE.UU.*, 20-I-1961

Conferencia de Helsinki (1975)

- I. Igualdade soberana, respecto dos dereitos inherentes á soberanía.
- II. Abstención de recorrer á ameaza ou ao uso da forza.
- III. Inviolabilidade das fronteiras.
- IV. Integridade territorial dos Estados.
- V. Arranxo das controversias por medios pacíficos.
- VI. Non intervención en asuntos internos.
- VII. Respecto polos dereitos humanos e as liberdades fundamentais, incluída a liberdade de pensamento, conciencia, relixión ou crenza.
- VIII. Igualdade de dereitos e libre determinación dos pobos.
- IX. Cooperación entre os Estados.
- X. Cumprimento de boa fe das obrigas contraídas segundo o dereito internacional.

Conferencia de Helsinki (1975). *Principios que rexen as relacións entre os Estados*

O problema Israel-Palestina

Cando secuestramos o autobús cerca de Tel Aviv, atacounos todo o mundo occidental, pero ningún goberno occidental fixo ningún comentario sobre o que os israelís fixeron no sur do Líbano. Nin sequera unha palabra. Mataron 1.000 inocentes, deixaron 200.000 persoas sen fogar, e ninguén dixo unha palabra. Agora trinta mortos israelís, e ao mundo occidental iso impórtalle máis ca se toda unha comunidade palestina é borrada do mapa. Para occidente, somos menos humanos que os israelís, e iso é unha mágoa moi grande.

Membro da OLP, 1982

Vós os británicos trouxestes os estranxeiros a Palestina e covertéstesnos en exiliados. Agora vós, os británicos, co resto do mundo occidental, dicides que é terrorismo cando os nosos combatentes atacan aos sionistas. Pero os nosos fillos non son terroristas: entenden a nosa traxedia. E nós compartimos a súa revolución agora.

Xefe de aldea palestino

Quen son os palestinos? Non teñen libros de historia, nin nada que se pareza á Biblia. Quen foi o seu o seu derradeiro primeiro ministro? Quen o seu derradeiro rei? Non teñen ningún tipo de credenciais, e xa que as nosas se remontan a 4000 anos, é a nos a quen pertence esta terra.

Esposa dun rabino integrista, colono de Hebrón (Cisjordania ocupada)

Fin da Guerra Fría

A unidade estatal de Alemaña supón para nós unha maior responsabilidade, pero non implica a pretensión de alcanzar máis poder.

Reafirmamos a nosa renuncia á fabricación, posesión e control de armas nucleares, biolóxicas e químicas.

Reducimos os efectivos das Forzas Armadas da Alemaña unificada a 370.000 homes.

Os alemáns coadxuvaremos a crear a unión política dos doce membros da CEE. Toda Alemaña queda encadrada na Comunidade Europea.

A Alemaña unida segue a ser membro da Alianza Atlántica.

A inviolabilidade das fronteiras constitúe un dos elementos esenciais da paz europea. O Tratado confirma o carácter definitivo das fronteiras da Alemaña unida. A Alemaña unida confirmará a actual fronteira xermano-polaca nun tratado.

Esta é a nosa mensaxe aos pobos do mundo: non queremos máis que vivir en liberdade e democracia e en paz con todos os pobos.

H.D.GENSCHER (Mtro.AA.EE. RFA). *Declaración da Reunión dos Ministros de AA.EE. na Conferencia Dous máis Catro* [RDA, RFA, EE.UU., URSS, Gran Bretaña, Francia]. Moscova, 11-IX-1990

Unificación Alemana

Coa reconstrución da unidade estatal de Alemaña o 3 de outubro e 1990 non naceu un novo Estado, senón que cinco novos estados federais, así como a parte oriental de Berlín, incorpórase á República Federal de Alemaña. Con iso garántese a continuidade daquelas decisións fundamentais que determinaron durante décadas o camiño da RFA e que, en definitiva, lograron tamén a base que fixo posible a reunificación: internamente, o recoñecemento do Estado Democrático de Dereito e da orde económica e social da economía de mercado; de cara ao exterior, a integración na comunidade dos países libres de Occidente.

H.KOHL, “No ha nacido un nuevo Estado”, *ABC*, 2-X-1990